

I CONCURSO DE MICROPOEMAS “14 CHANZOS”

O Concello de Rois convoca o I Concurso de micropoemas “14 chanzos” co fin de fomentar a creación poética.

Participación. Poderá presentarse ao concurso calquera persoa maior de idade, con independencia da súa nacionalidade e do seu lugar de residencia. As persoas participantes deberán presentar o seu traballo no enderezo electrónico inscricions@rois.gal co asunto: I concurso de micropoemas “14 chanzos”.

A participación no concurso supón a aceptación das presentes bases. O incumprimento dalgún dos puntos incluídos nelas dará lugar á exclusión da persoa deste concurso.

Os datos que as persoas participantes faciliten para o seu rexistro deberán ser veraces, polo que perderán o dereito a participar todas aquelas persoas cuxos datos sexan incorrectos ou estean incompletos.

Cada participante poderá publicar unicamente un micropoema.

Prazos. O prazo de admisión dos micropoemas comeza o 24 de outubro de 2023 e finaliza o 15 de decembro de 2023 ás 23.59 horas (hora peninsular española). Posteriormente farase pública a listaxe definitiva dos micropoemas presentados, segundo o establecido nestas bases.

Como deben ser os micropoemas. Tanto a temática dos micropoemas como as formas métricas empregadas son libres. A extensión dos micropoemas é de 14 versos e deben estar escritos necesariamente en galego. Os micropoemas non poderán conter ningún tipo de insulto, expresión pexorativa, descualificación, expresión discriminatoria, nin tampouco incitacións á violencia ou ameazas. Deberán ser inéditos e non estaren premiados noutro concurso literario, ademais de estaren libres de calquera compromiso editorial previo ou simultáneo.

As persoas participantes non poderán solicitarlle ao Concello de Rois ningún tipo de modificación ou corrección do micropoema presentado e asumirán a total responsabilidade ao respecto diso.

Premios. Establécese un único premio que consiste nun lote de libros, un diploma acreditativo e a impresión e serigrafiado do poema nas escaleiras que dan acceso á biblioteca pública municipal de Rois, situada no edificio multiúsos de Rois.

O resto das persoas participantes recibirán tamén un diploma acreditativo e a difusión dos seus traballos na páxina web municipal.

Xurado. O xurado cualificador, formado por persoas do ámbito da cultura e da lingua galegas, vai ser designado polo Concello de Rois.

Resolución. O resultado do concurso emitirase e farase público na páxina web www.rois.gal o día 18 de xaneiro de 2024.

www.rois.gal

A aceptación do premio pola persoa gañadora implica a súa autorización para a utilización publicitaria do seu nome e imaxe en relación co concurso. O/a autor/a cédelle ao Concello de Rois o dereito de publicación e difusión do seu micropoema en todos os soportes.

O Concello de Rois exímese de toda responsabilidade polos danos que se puidesen derivar do uso incorrecto ou inadecuado dos micropoemas presentados ao concurso e publicados na web por parte de terceiros.

A organización resérvase o dereito de modificación ou rectificación destas bases por causas de forza maior e comprométese a informar debidamente as persoas interesadas de calquera cambio que se producise nelas.

Protección de datos. Atendendo ao RGPD (Regulamento UE 2016/679 de 27 de abril de 2016) e demais normativa legal vixente na materia, infórmase que os datos persoais achegados serán tratados polo Concello de Rois (responsable do tratamento).

Dereitos. Existe o dereito a revogar este consentimento en calquera momento. Iso implicaría a baixa na participación do concurso. Tamén a exercer os dereitos de acceso, rectificación, portabilidade, supresión, limitación e oposición, con escrito, acompañado de DNI, dirixido ao Concello de Rois, lugar de Samil, 1, Oín, 15911 Rois, ou enviando unha mensaxe electrónica a inscricions@rois.gal.

DECRETO DE ALCALDÍA

Decreto de alcaldía-presidencia do Concello de Rois polo que se resolve aprobar as bases do I Concurso de micropoemas “14 chanzos”.

ANTECEDENTES

Dende 1997 celébrase o Día das Bibliotecas o 24 de outubro, unha conmemoración impulsada pola Asociación de Amigos del Libro Infantil y Juvenil á que se foron sumando, xa dende hai algún tempo, o propio Ministerio de Cultura e todas as administracións autonómicas, como a Xunta de Galicia.

Este é o motivo de poñer en marcha o I Concurso de micropoemas “14 chanzos”. Tanto a temática dos micropoemas como as formas métricas empregadas son libres. A extensión dos micropoemas é de 14 versos e deben estar escritos necesariamente en galego. Os micropoemas non poderán conter ningún tipo de insulto, expresión pexorativa, descualificación, expresión discriminatoria, nin tampouco incitacións á violencia ou ameazas. Deberán ser inéditos e non estaren premiados noutro concurso literario, ademais de estaren libres de calquera compromiso editorial previo ou simultáneo.

Establécese un único premio que consiste nun lote de libros, un diploma acreditativo e a impresión e serigrafiado do poema nas escaleiras que dan acceso á biblioteca pública municipal de Rois, situada no edificio multiúsos de Rois.

Esta alcaldía, no uso das atribucións que lle outorga o artigo 21.g) da Lei 7/1985 do 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local,

DECRETO:

Primeiro.- Efectuar a convocatoria pública para a presentación de traballos ao Concurso.

Segundo.- Aprobar as bases que han de rexer a convocatoria e que se establecen no anexo que acompaña esta resolución.

Rois, na data que figura na sinatura electrónica.

O alcalde-presidente

O secretario

D. Ramón Tojo Lens

D. Diego Losada Romero